

## *Tiña que ser en Gondomar*

MIGUEL ANXO MOURIÑO

O visitante chegou a Gondomar unha tarde de xullo, cando os días son adultos e as noites amables. Levaba tres xornadas na zona e coñecía xa o gastronómico paseo de Panxón, as aglomeracións de Praia América e a baía de pantaláns de Baiona, sitiada por interminables pragas de procesionarias metálicas. Antes de entrar na vila detívose nun paseo vagaroso pola parroquia de Mañufe para deixar libre a imaxinación mentres pisaba as pedras romanas da Vía Cova e da ponte, perfectamente pulidas e conservadas a través do tempo. Pagara a pena o gasto da nova infraestrutura viaria que liberara estas xoias da servidume de comunicación para a que foran concibidas. Logo reclamou de volta o seu coche, deixou atrás o cruceiro e enfilou a entrada principal daquela poboación tan profusamente anunciada, pois en calquera cruce das numerosas estradas dos concellos circundantes, dende Vigo a Tui, dende a Guarda a O Porriño, dende Baiona a Nigrán, había enormes sinais que anunciaban con orgullo a súa situación: GONDOMAR.

Cando se aproximaba observou que a partir da rotonda o tráfico estaba res-trinxido: un horario matutino de carga e descarga, residentes e urxencias. Adentróuse un par de metros, a pesar da prohibición, e montou a metade do coche na beirarrúa coa intención de botar unha ollada e preguntar. Non necesitou andar moito, pois case inmediatamente un garda municipal saudouno cortesmente para indicarlle que estaba a cometer polo menos unha infracción: utilizar a parte da rúa destinada exclusivamente aos peóns. E, posiblemente, outra, por se adentrar no espacio peonal que só podía ser usado polos vehículos en determinadas circunstancias, que, supoñía, el non cumpría. O xendarme informouno dos distintos e cómodos lugares de estacionamento nos que podía deixar o coche se pretendía deterse en Gondomar e o visitante optou por circunvalar a vila en dirección á Ameixeira e acceder, por detrás da igrexa, á praza de San Bieito, destinada a este fin.

O centro urbano de Gondomar, que os seus habitantes chaman Paradela, sorprendeuno agradablemente. O primeiro lugar que se presentou ante os seus ollos foi a Alameda, na que destacaba o firme empedrado que a personalizaba en toda a súa extensión: praza, calzada, beirarrúa, todo era pedra. A pedra parecía ser un sinal de identidade desta poboación, a solidificación do silencio e da calma, o carimbo de garantía dunha apetecible calidade de vida, como puido comprobar despois ven-

do a igrexa no seu podio de escaleiras, as rúas e os edificios que dotaban a esta vila dunha beleza serena e nobre.

—A pedra –pensou en voz alta– ennobrece, verdadeiramente, as nosas vilas. Aquí debe haber unha normativa vixilante que mantén esta imaxe tan acolledora.

Moitos paseantes dedicábanse a gozar da tranquilidade que emanaba da ausencia de coches e ruídos desagradables dándolle unha fasquía buliciosa e alegre; as rúas, con amplas beirarrúas, estaban limpas e coidadas.

—Isto non se pode deber só –pensou de volta– á actuación da policía. Ten que haber ademais unha concienciación cidadá.

E a súa intuición quedou axiña comprobada. Estaba admirando un valado adornado cunha tupida enredadeira harmoniosamente recortada para que cumprise as súas funcións fornecedoras de estética e privacidade sen molestar aos transeúntes, cando observou que un viandante recollía nunha bolsa de plástico o excremento que o seu can acababa de depositar na calzada.

Aquí e alá diversos bares e cafeterías ofrecían un acolledor descanso nas terrazas provistas de mesas e sillas de madeira, sen anuncios charramangueiros que estropeasen a estética imperante. Pensou que o coidado amosado nestes e outros aparentemente pequenos detalles falaba moi a favor da sensibilidade do lugar.

Observou tamén con ledicia a existencia dunha gran variedade de comercios decorados con gusto que ofrecían toda clase de mercadorías nun amplo horario de verán, incrementando así o reclamo que a beleza e a tranquilidade exercían entre os habitantes de tódolos municipios limítrofes e que mesmo se estendía en ocasións a sitios máis afastados, como o norte de Portugal. Máis adiante sabería que os poucos comerciantes que existían antes da peonalización opuxéranse con forza a esta medida, se ben hoxe bendeciana como potenciadora dos seus negocios. Uns dos que máis se opuxeran foran os taxistas ao vérense obrigados a situárense en zonas menos céntricas, divididos convenientemente para daren servizo a tódalas áreas posibles. Hoxe tamén se atopan satisfeitos coa nova estratexia de rotaren nas diferentes paradas.

O visitante decidiu de súpeto pasar unha tempada nesta poboación que estaba chamando por el dende tódolos currunchos; entrou nunha das varias axencias inmobiliarias e empezou a busca dunha casa para alugar que lle permitise gozar da calidade de vida que adiviñaba.

Nas xornadas sucesivas descubriu os parques e paseos que tanto pracer lle proporcionarían nos restantes días do verán: o parque do Acueducto que percorre un treito do río Rosas, dende onde se atopa este elemento arquitectónico do século XVI ata os vellos muíños; o parque da Coelleira, á beira do río Miñor, coas súas mesas e bancos de pedra tan ben conservados e os paseos de grava que é necesario repoñer cada primavera para que estean en perfectas condicións nas épocas propicias para o seu uso; e o rei de todos eles, o Bosque do Conde, circundado de murallas que unha xestión chea de sensibilidade pola riqueza arquitectónica, pai-

saxística, histórica e humana mantén nun estado envexable e envexado; as árbores centenarias adoselan as ducias de camiños e carreiros que, en tódalas direccións, permiten tecer a ilusión dun paraíso; e, nun extremo, o pazo que a xentileza dos condes consinte en que sexa visitado certos días en pequenos grupos.

Unha das cousas que máis pracer lle proporcionou foi o descubrimento do camiño ribeirán que une todos estes parques e que logo transcorre á beira do Miñor ata desembocar con el na Ramallosa e unirse aos outros paseos que permiten percorrer toda a costa dende Patos ata Baiona.

—Este é un bo lugar para escribir o libro da vida —díxolle á amiga inmobiliaria que lle axudara a buscar a casa e coa que se atopaba cada vez máis a gusto.

—Escribámola xuntos —contestoulle ela.

Estaban sentados, como adoitaban ultimamente, no banco do xardín, preto da fonte e debaixo do salgueiro chorón, contemplando unha lúa redonda da que parecía pendurar unha estrela. E continuou:

—Meu avó chegou aquí e foi cativado por outro Gondomar, tamén calmo e de pedra. Logo queixábase de que xa non era o mesmo e morreu sen ver que, de novo, é atraente. E fixo o milagre marabilloso de atraerte a ti.

Entón o visitante, que estaba buscando a oportunidade de proporlle un proxecto de futuro, animado polas palabras suxestivas da moza, sacou do peto un papel enrugado que escribira uns días antes cando tomara unha decisión importante, e recitou, coa emoción de quen ispe a súa alma e descorre o veo do seu corazón:

Aquí tiña que ser, en Gondomar,  
 onde o aire é aurora cromática e radiante,  
 exultante burbulla de cores,  
 alegre pompa de policromía;  
 tiña que ser aquí, en Gondomar,  
 rúas de pedra queda,  
 onde a calma anda ceibe pola vida  
 señoreando paseniñamente  
 cada alegre canción, cada palabra,  
 cada raio de luz de cada estrela,  
 de cada sol, de cada pensamento.

Tiña, tiña que ser en Gondomar,  
 rúas de calma pétrea,  
 onde as pedras se viran bolboretas  
 se as miras ti;  
 tiña que ser aquí  
 no Gondomar entusiasmado e xove  
 habitado de pedrasbolboreta,  
 onde aquela estreliña luarenga

derreteunos pingueiras  
de luz de Gondomar nos nosos ollos,  
dianas de roibén;  
aquí, no Gondomar de calmas casas,  
rúas de bolboretas empedradas,  
onde a pequena fonte  
esparexeunos chorros de vida cantareira  
sobre o noso rebumbio de silencios.

Tiña que ser na vila de casas exultantes,  
de calmas de roibén, onde os salgueiros  
que cantaruxan solermeiramente  
anainas de cores arrolaron  
a nosa algarabía silandeira.

Aquí tiña que ser,  
nese xove roibén de bolboretas calmas  
e policromía luarenga  
ocupado por ti;  
en Gondomar, en fin.

E aquí será,  
se alumeas a noite cun si,  
onde a vida se faga primavera.